



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

17 ABR. 2024 12:36:23

Entrada **21722**

Sobre a promoción das comunidades enerxéticas de base cidadá na Galiza

Competencia	Competencias de la Cámara
Subcompetencia	Control e información
Tipo Expediente	184-Pregunta al Gobierno con respuesta escrita.

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL

Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso dos Deputados, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas ao fomento de comunidades enerxéticas de base cidadá na Galiza.**

A produción, distribución e consumo de enerxía eléctrica é un sector estratéxico da economía e debería ser un dereito fundamental da cidadanía, mais no actual contexto económico converteuse nun ben moi custoso e sometido aos vaivéns e aos intereses do mercado.

A regulación do sector enerxético provoca movementos especulativos e un réxime de oligopolio no que unhas poucas empresas teñen o control de case toda a cadea do sector eléctrico, o que permite xerar beneficios multimillonarios para un reducido grupo de actores e graves prexuízos para a maioría social. A escalada dos prezos da enerxía eléctrica que se produciu ao longo do ano 2021 e nos primeiros meses do 2022 é unha das caras máis visíbeis dun sistema cruel e inxusto, unha realidade que ten un importante impacto negativo nos distintos sectores económicos, nas PEMES e nos fogares.

O BNG defende a necesidade de acometer cambios estruturais no modelo enerxético que pasan pola intervención pública no sector, por medidas de redución do prezo, supresión dos beneficios chovidos do ceo ou a creación dunha tarifa eléctrica galega que permita reducir o prezo da luz atendendo á condición de Galiza de exportadora de enerxía eléctrica.

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

17 ABR. 2024 12:36:23

Entrada **21722**



Ao mesmo tempo, nos últimos anos agromaron movementos sociais que cuestionan o sistema enerxético centralizado e oligopolístico e defenden como alternativa modelos distribuídos, de proximidade que na práctica supoñen un maior grao de socialización e democratización do acceso á enerxía e unha sorte de empoderamento enerxético cidadán, unha orientación da política enerxética tamén compartida e defendida polo BNG.

Como resposta a estes movementos, a UE incorporou no dereito comunitario as “comunidades enerxéticas”. Fíxoo en 2018 mediante a Directiva (UE) 2018/2001 e en 2019 coa Directiva (UE) 2019/944 coas que se incorpora o concepto das “comunidades enerxéticas locais” e as figuras xurídicas das “comunidades de enerxías renovábeis” (2018) e das “comunidades cidadás de enerxía” (2019). Estas entidades defínense como “calquera asociación, cooperativa, sociedade, organización sen ánimo de lucro ou outra entidade xurídica dedicada á xeración distribuída e á realización de actividades dun xestor de rede de distribución, subministrador ou agregador a nivel local”.

Estas figuras foron trasladadas á lexislación española mediante o Real Decreto Lei 23/2020, de 23 de xuño, polo que se aproban medidas en materia de enerxía e noutros ámbitos para a reactivación económica (que modifica determinados aspectos da Lei 24/2013, de 26 de decembro, do sector eléctrico). No citado RD Lei 23/2020 defínense as Comunidades de Enerxías Renovábeis como “entidades xurídicas baseadas na participación aberta e voluntaria, autónomas e efectivamente controladas por socios ou membros que están situados nas proximidades dos proxectos de enerxías renovábeis que sexan propiedade destas entidades xurídicas, cuxos socios ou membros sexan persoas físicas, pemes ou entidades locais, incluídos os concellos, e cuxa finalidade primordial sexa fornecer de beneficios medioambientais, económicos ou sociais aos seus socios ou membros, ou ás zonas locais onde operan, en lugar de ganancias financeiras”. As comunidades enerxéticas poden desenvolver as seguintes actividades:

- Xeración de enerxía procedente de fontes renovábeis.
- Servizos de eficiencia e rehabilitación enerxética.



- Subministro, consumo, agregación e almacenamento de enerxía e potencialmente distribución.
- Prestación de servizos de recarga de vehículos eléctricos ou doutros servizos enerxéticos.

Se ben esta figura xurídica forma parte da lexislación comunitaria e estatal, está pendente a súa efectiva transposición mediante o desenvolvemento dos aspectos xurídicos, técnicos e financeiros que deben regular as comunidades enerxéticas locais e a súa participación no sector enerxético. Aínda que a finais de 2020 se abriu polo goberno central unha “Consulta pública previa de comunidades enerxéticas locais” non chegou a aprobarse o instrumento xurídico que debe regularlas.

Debido a este baleiro legal, actualmente existen moitas trabas e restricións que dificultan a creación de comunidades locais de enerxía. A falta de seguridade xurídica está a provocar a ralentización de proxectos, que moitas veces teñen que tramitarse como proxectos de autoconsumo para salvar a falta de regulación legal. Ademais, as limitacións aplicadas na práctica como os 0.5 km de distancia entre o punto de produción e de consumo -2 km no caso de que a instalación sexa sobre cuberta- ou o límite administrativo de 100 kW para a tramitación de instalación en réxime simplificado, constitúen unha dificultade engadida para o interese e a viabilidade dos proxectos de autoconsumo colectivo e de comunidades enerxéticas.

Para facer fronte a esta situación, numerosos colectivos e institucións están promovendo unha serie de demandas que deben incluírse no futuro decreto regulador das comunidades enerxéticas:

- a) O incremento da distancia até 5 km e da potencia até 5 MW
- b) A simplificación dos trámites administrativos
- c) A supresión de cargos e peaxes nas modalidades fóra do autoconsumo.
- d) A ampliación das modalidades de compensación de excedentes, e aplicación do balance neto.



Ademais, no ámbito galego, súmase a todo o anterior as dificultades coas que se atopan as comunidades de montes en mancomún, que xa se teñen dirixido ao goberno central solicitando a súa inclusión na figura xurídica das “comunidades enerxéticas”, xa que coa actual regulación non poden actuar como tales, sen que a situación se teña resolto.

Máis alá da regulación efectiva e favorábel para as comunidades enerxéticas, as institucións públicas deben actuar como impulsoras, promotoras e fomentadoras deste modelo distribuído e de proximidade, como alternativa social ao modelo intensivo e depredador dos grandes polígonos enerxéticos de iniciativa privada que están ameazando e invadindo amplas zonas da xeografía galega.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas ao Goberno:

1. Vai proceder o Goberno a regular as comunidades enerxéticas para dotar de maior seguridade e fomentar a súa extensión?
2. Que materias vai incluír nese futuro regulamento das comunidades enerxéticas?
3. Incorporará o Goberno as demandas dos distintos actores como son o incremento da distancia, cando menos, até 5 km de distancia e a potencia até 5MW?
4. Apostará pola simplificación dos trámites administrativos, a supresión de cargos e peaxes nas modalidades fóra do autoconsumo e ampliará as formas de compensación de excedentes?
5. Recoñecerá ás comunidades de montes veciñais en man común como comunidades enerxéticas de pleno dereito? Que actuacións puxo en marcha xa para lograr este obxectivo despois de ter recibido xa peticións neste sentido por parte da Organización Galega de



Comunidades de Montes? Ten habilitado os mecanismos que permitan ás Comunidades de Montes Veciñais en Man Común participar nas convocatorias de axudas públicas para a promoción e creación de comunidades enerxéticas que agora mesmo non contempla esta realidade propia do dereito civil da Galiza?

Madrid, a 17 de abril de 2024

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento de los Diputados, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita relativas al fomento de comunidades energéticas de base ciudadana en Galiza.**

La producción, distribución y consumo de energía eléctrica es un sector estratégico de la economía y debería ser un derecho fundamental de la ciudadanía, sin embargo, en el actual contexto económico, se ha convertido en un bien muy costoso y sometido a los vaivenes y a los intereses del mercado.

La regulación del sector energético provoca movimientos especulativos y un régimen de oligopolio en el que unas pocas empresas tienen el control de casi toda la cadena del sector eléctrico, lo que permite generar beneficios multimillonarios para un reducido grupo de actores y graves perjuicios para la mayoría social. La escalada de los precios de la energía eléctrica que se produjo a lo largo del año 2021 y en los primeros meses del 2022 es una de las caras más visibles de un sistema cruel e injusto, una realidad que tiene un importante impacto negativo en distintos sectores económicos, en las PYMES y en los hogares.

El BNG defiende la necesidad de acometer cambios estructurales en el modelo energético que pasan por la intervención pública en el sector, por medidas de reducción del precio, supresión de los beneficios llovidos del cielo o la creación de una tarifa eléctrica gallega que permita reducir el precio de la luz atendiendo a la condición de Galicia de exportadora de energía eléctrica.



Al mismo tiempo, en los últimos años surgieron movimientos sociales que cuestionan el sistema energético centralizado y oligopolístico y defienden como alternativa modelos distribuidos, de proximidad, que en la práctica suponen un mayor grado de socialización y democratización del acceso a la energía y un cierto empoderamiento energético ciudadano, una orientación de la política energética también compartida y defendida por el BNG.

Como respuesta a estos movimientos, la UE incorporó en el derecho comunitario las “comunidades energéticas”. Lo hizo en 2018 mediante la Directiva (UE) 2018/2001 y en 2019 con la Directiva (UE) 2019/944 con las que se incorpora el concepto de las “comunidades energéticas locales” y las figuras jurídicas de las “comunidades de energías renovables” (2018) y de las “comunidades ciudadanas de energía” (2019). Estas entidades se definen como “cualquier asociación, cooperativa, sociedad, organización sin ánimo de lucro u otra entidad jurídica dedicada a la generación distribuida y a la realización de actividades de un gestor de red de distribución, suministrador o agregador a nivel local”.

Estas figuras fueron trasladadas a la legislación española mediante el Real Decreto Ley 23/2020, de 23 de junio, por el que se aprueban medidas en materia de energía y en otros ámbitos para la reactivación económica (que modifica determinados aspectos de la Ley 24/2013, de 26 de diciembre, del sector eléctrico). En el citado RD Ley 23/2020 se definen las Comunidades de Energías Renovables como “entidades jurídicas basadas en la participación abierta y voluntaria, autónomas y efectivamente controladas por socios o miembros que están situados en las cercanías de los proyectos de energías renovables que sean propiedad de estas entidades jurídicas, cuyos socios o miembros sean personas físicas, pymes o entidades locales, incluidos los ayuntamientos, y cuya finalidad primordial sea suministrar de beneficios medioambientales, económicos o sociales a sus socios o miembros, o a las zonas locales donde operan, en lugar de ganancias financieras”. Las comunidades energéticas pueden desarrollar las siguientes actividades:

- Generación de energía procedente de fuentes renovables.
- Servicios de eficiencia y rehabilitación energética.



- Suministro, consumo, agregación y almacenamiento de energía y potencialmente distribución.
- Prestación de servicios de recarga de vehículos eléctricos o de otros servicios energéticos.

Si bien esta figura jurídica forma parte de la legislación comunitaria y estatal, está pendiente su efectiva transposición mediante el desarrollo de los aspectos jurídicos, técnicos y financieros que deben regular las comunidades energéticas locales y su participación en el sector energético. Aunque a finales de 2020 se abrió por el gobierno central una “Consulta pública previa de comunidades energéticas locales” no llegó a aprobarse el instrumento jurídico que debe regularlas.

Debido a este vacío legal, actualmente existen muchas trabas y restricciones que dificultan la creación de comunidades locales de energía. La falta de seguridad jurídica está provocando la ralentización de proyectos, que muchas veces tienen que tramitarse como proyectos de autoconsumo para salvar la falta de regulación legal. Además, las limitaciones aplicadas en la práctica como los 0.5 km de distancia entre el punto de producción y de consumo -2 km en caso de que la instalación sea sobre cubierta- o el límite administrativo de 100 kW para la tramitación de instalación en régimen simplificado, constituyen una dificultad añadida para el interés y la viabilidad de los proyectos de autoconsumo colectivo y de comunidades energéticas.

Para hacer frente a esta situación, numerosos colectivos e instituciones están promoviendo una serie de demandas que deben incluirse en el futuro decreto regulador de las comunidades energéticas:

- a) El incremento de la distancia hasta 5 km y de la potencia hasta 5 MW
- b) La simplificación de los trámites administrativos
- c) La supresión de cargos y peajes en las modalidades fuera del autoconsumo.
- d) La ampliación de las modalidades de compensación de excedentes, y aplicación del balance neto.



Además, en el ámbito gallego, se suma a todo lo anterior las dificultades con las que se encuentran las comunidades de montes en mancomún, que ya se han dirigido al gobierno central solicitando su inclusión en la figura jurídica de las “comunidades energéticas”, ya que con la actual regulación no pueden actuar como tales, sin que la situación se haya resuelto.

Más allá de la regulación efectiva y favorable para las comunidades energéticas, las instituciones públicas deben actuar como impulsoras, promotoras y fomentadoras de este modelo distribuido y de proximidad, como alternativa social al modelo intensivo y depredador de los grandes polígonos energéticos de iniciativa privada que están amenazando e invadiendo amplias zonas de la geografía gallega.

Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas al Gobierno:

1. ¿Procederá el Gobierno a regular las comunidades energéticas para dotarlas de mayor seguridad y fomentar su extensión?
2. ¿Qué materias va a incluir en ese futuro reglamento de las comunidades energéticas?
3. ¿Incorporará el Gobierno las demandas de los distintos actores como son el incremento de la distancia, cuando menos, hasta 5 km de distancia y la potencia hasta 5MW?
4. ¿Apostará por la simplificación de los trámites administrativos, la supresión de cargos y peajes en las modalidades fuera del autoconsumo y ampliará las formas de compensación de excedentes?
5. ¿Reconocerá a las comunidades de montes vecinales en mancomún como comunidades energéticas de pleno derecho? ¿Qué actuaciones ha puesto en marcha para lograr este objetivo después de haber recibido



ya peticiones en este sentido por parte de la Organización Gallega de Comunidades de Montes? ¿Ha habilitado los mecanismos que permitan a las Comunidades de Montes Vecinales en Mancomún participar en las convocatorias de ayudas públicas para la promoción y creación de comunidades energéticas que ahora mismo no contempla esta realidad propia del derecho civil de Galiza?

Madrid, a 17 de abril de 2024

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso